



SERVIZO TERRITORIAL DA ZONA SUR DE AUGAS DE GALICIA ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

A Comunidade de Usuarios de Frieiro, con CIF G3629****, solicita de Augas de Galicia a novación da concesión dun caudal de auga, procedente de mananciais, nas parroquias de Santa María de Xeve, no concello de Pontevedra e de Fragas, no concello de Campo Lameiro, con destino a uso doméstico, que lles fora concedida con data 9/5/2000.

Este anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A36.65411

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	CCUU Frieiro
CAUDAL:	7659,00 m ³ /ano
DESTINO:	uso doméstico
ORIXE:	catro mananciais M1 e M2 en pol. 30, parc. 700 do catastro de Campo Lameiro M3 e M4 en pol. 258, parc. 10084 do catastro de Pontevedra
PARROQUIAS:	Fragas, no concello de Campo Lameiro Santa María de Xeve, no concello de Pontevedra
CONCELLOS:	Campo Lameiro e Pontevedra

Descrición:

As captacións M1, M2 consisten en sendas arquetas aros formigón Ø 1,20 m, 2,00 m alt. e Ø 1,20 m, 2,50 m alt. respectivamente, das que se conduce a auga a arqueta reunión aros formigón Ø 1,20 m, 3,50 m alt. M4 cáptase en arqueta aros formigón Ø 1,90 m, 1,20 m alt. M3 consiste en arqueta ladrillo 5,0x2,5x1,25 m, capta auga procedente de escavación horizontal e recibe tamén a auga procedente da arqueta de reunión e da M4. Dende M3 parte tubo PE Ø 75 mm ata caseta depósitos 26,10x6,70x2,75 m, en pol. 279, parc. 10 de Pontevedra que contén 25 depósitos individuais dende os que se distribúe a auga a cada unha das 25 vivendas do lugar de Frieiro que abastece a comunidade.

O que se fai público, para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nos concellos de Pontevedra e Campo Lameiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa San Salvador, 2, 4º de Vigo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 13 de marzo de 2019

O xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia
P.S. Resoluc. dirección Augas de Galicia do 20.02.2017

Alberto Bosquet Herreros

